



VENRES, 12 DE ABRIL DE 2024 VIERNES, 12 DE ABRIL DE 2024 | BOP NÚMERO 72

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

LAXE

Bases da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns, durante 5 meses. Programa PEL-CONCELLOS 2024, da Deputación da Coruña

ANUNCIO

Bases da convocatoria para a selección de persoal para a provisión, en réxime de dereito laboral temporal, de 4 postos de peóns, durante 5 meses. Programa PEL-CONCELLOS 2024, da Deputación da Coruña.

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 243/2024, de 08/04/2024 aprobáronse as bases da convocatoria para a contratación laboral temporal de 4 peóns a xornada completa durante 5 meses, ao abeiro do programa PEL-CONCELLOS 2024, da Deputación Provincial da Coruña, convocatoria 2024.

O prazo de presentación de instancias será de cinco días hábiles, contados a partir do día seguinte á data de publicación da presente convocatoria no BOP.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse na sede electrónica deste Concello (<https://sede.laxe.es>) e, no seu caso, no Taboleiro de Anuncios.

A continuación transcríbense literalmente as bases que rexerán a convocatoria:

ANEXO I

BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A PROVISIÓN, EN REXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, DE 4 POSTOS DE PEÓNS, DURANTE 5 MESES. PROGRAMA PEL-CONCELLOS 2024, DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

PRIMEIRA.-OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de concurso oposición, en réxime de dereito laboral temporal, de:

- 4 postos de traballo de PEÓNS do Concello de Laxe, dende a sinatura do contrato e cunha duración de 5 meses.

Estas contratacóns están subvencionadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo que se terán en conta as bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia PEL-Concellos 2024, publicadas no BOP núm. 206, do 27/10/2024).

As tarefas a realizar serán as relacionadas cos servizos básicos e esenciais municipais dos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

- Recollida de residuos, limpeza viaria, acceso a núcleos de poboación e pavimentación de vías públicas.
- Pequenas tarefas de reparación e mantemento e de desbroce.
- Outras, relacionadas co posto, que lle sexan encomendadas.

SEGUNDA.-DURACIÓN E TIPO DE CONTRATO

Os contratos laborais que se realizarán coas persoas seleccionadas serán na modalidade de contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (código 405), cunha xornada laboral a tempo completo, por un período de duración de 5 meses, desde a sinatura do contrato, coa distribución de xornadas que estableza a Alcaldía.

As vacacionés e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá e tarde, e de luns a domingo, adaptaranse as necesidades do servizo.

A duración do contrato non poderá exceder do 31.12.2024.

TERCEIRA.- CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO

Peóns:

Número de postos de traballo: 4 (CATRO)

Clase: persoal laboral temporal

Xornada: completa

Nivel de titulación mínimo esixido: non se esixe

Denominación do posto: peón

Funcións: entre outros, recollida de residuos, limpeza viaria, acceso a núcleos de poboación, desbroce

Grupo de cotización: 10

Duración do contrato: 5 meses

Retribucións brutas mensuais: 1.323,00 € (incluída a parte proporcional paga extra)

CUARTA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1.-Para seren admitidos ó presente proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados membros da Unión Europea, o cónxuxe dos españoles e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinteún anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros con residencia legal en España.

Acreditarase coa fotocopia do DNI.

b) Posuir a capacidade funcional para o desempeño das tarefas atribuídas ao posto de traballo.

c) Ter cumpridos 16 anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións ou tarefas correspondentes á praza á que se opte.

Acreditarase mediante certificado/informe médico oficial actualizado (polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses) no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas suficientes para a realización das tarefas, ademais de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto.

Este certificado/informe médico poderá achegarse por parte das persoas candidatas en calquera momento, ben no momento de presentación de solicitudes, ben antes da realización das probas da fase de oposición ou cando dispoñan del. En todo caso, de non telo presentalo con anterioridade, deberán presentalo no prazo establecido na base duodécima das bases de selección, antes da resolución de nomeamento do persoal.

A estos efectos, establecécese a igualdade de condicións das persoas con minusvalía cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas agás nos casos en que sexan incompatibles co normal desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes á praza á que se opte.

Nas probas selectivas estableceranse para as persoas con minusvalía que o soliciten expresamente na súa instancia, as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes.

e) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que houbese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

f) Non estar incurso nos supostos de incompatibilidades previstas na lexislación vixente.

g) Estar en situación de desemprego inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego. Este requisito deberá cumplirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato. Acreditarase presentando a tarxeta de inscrición no Servizo Público de Emprego ou informe actualizado dos períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego.

h) Acreditar estar nalgunha das situación de exclusión laboral, de acordo co previsto na Base 4.2 das Bases específicas do programa PEL-CONCELLOS 2024, aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, que son as seguintes:

- Mulleres, ao ter o diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- Maiores de 45 anos.
- Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que levan un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego. Achegarase informe de vida laboral actualizado

- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. Deberase achegar certificado de minusvalía que acredite esta circunstancia, expedido polo órgano competente.
- Persoas en situación de drogodependencia: achegarase informe dos servizos sociais municipais
- Persoas que viven nun fogar onde ningúen teña emprego: achegarase volante de empadroamento e informe dos servizos sociais municipais e informe de vida laboral actualizado de todas as persoas que convivan no fogar en idade laboral
- Persoas con fogar monoparental: achegarase informe dos servizos sociais municipais e volante de empadroamento
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais: achegarase informe dos servizos sociais municipais
- Persoas vítimas de violencia de xénero: achegarase informe de servizos sociais municipais.
- Persoas sen fogar: achegarase informe dos servizos sociais municipais

i) Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía realizarase unha proba oral de galego, de carácter obligatorio e eliminatorio, que se cualificará como apto ou non apto (art. 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015, de 29 de abril).

2.-Os anteriores requisitos, deberanse posuér con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e na formalización do contrato.

3.-Será nulo o nomeamento dos que estén incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

QUINTA.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

1.- As solicitudes para tomar parte nas probas selectivas presentaranse obligatoriamente conforme o modelo que figura no anexo I e dirixiranse ao Alcalde de corporación expresando que reúnen tódolos requisitos esixidos nesta convocatoria.

2.- Presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou na Sede electrónica deste concello, podendo presentarse tamén conforme ao sinalado no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. As solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os aspirantes deberá comunicalo mediante fax (981 728 025) ou e-mail (correo@laxe.es) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública. No caso de non realizar esta comunicación, vía fax ou correo electrónico, quedarán excluídas/os do procedemento de selección.

O prazo de presentación de solicitudes de participación será **de 5 días hábiles** contados a partir do seguinte o da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3.- Á instancia unirase inescusablemente a seguinte documentación:

- a. Fotocopia do Documento Nacional de Identidade.
- b. Fotocopia de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento da presentación da instancia.
- c. De ser o caso, fotocopia do título de Celga 1.
- d. De ser o caso, certificación da condición de discapacidade e grao de minusvalía.
- e. De ser o caso, solicitude de adaptación das probas por motivos de minusvalía.
- f. Documentación que acredite que se atopa nunha situación de exclusión laboral segundo a cláusula cuarta destas bases.
- g. Acreditación da situación de desemprego presentando a tarxeta de inscrición no Servizo Público de Emprego debidamente actualizada ou informe actualizado dos períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego.

4.- Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De se-lo caso, tamén presentaran os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo.

Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa da dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuge e, de se-lo caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ó seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ó mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

5.- Presumirse que a documentación é auténtica, e únicamente será requerida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso. Non serán valorados aqueles méritos que non queden debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de instancias. Ou aqueles méritos que non fosen alegados e xustificados debidamente no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias, nin aqueles documentos que non conteñan os datos que segundo as presentes bases sexan necesarios para valorar os méritos a que se refiren.

6.-Os errores materiais de feito ou aritméticos que puideran advertirse poderán ser subsanados en calquera intre, de oficio ou a petición do interesado.

7.-As persoas aspirantes quedan vinculadas ós datos que fagan constar nas súas solicitudes, podendo demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido no punto 1 desta base para a presentación de solicitudes, transcorrido o cal non se admitirá ningunha petición desta natureza.

SEXTA.-ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.-Rematado o prazo de presentación de instancias o Alcalde-Presidente do concello ou concelleiro en quen delegue ditará resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso das causas de exclusión. Esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

A resolución pola que se aproba a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as será definitiva no caso de non haber excluídos/as.

2.- No caso de habelos, os aspirantes excluídos, así como os omitidos na relación de admitidos ou excluídos disporán dun prazo de 2 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

Os aspirantes que dentro do prazo sinalado non subsanasesen a exclusión ou non alegasen a omisión, xustificando o seu derecho a seren incluídos na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos da realización das probas.

De non se presentaren reclamacións dentro deste prazo, a relación de admitidos elevarase a definitiva.

3.- Posteriormente, e de se-lo caso, elaborarase unha nova lista definitiva cos/as candidatos/as definitivamente admitidos/as e excluídos/as, segundo o resultado das subsanacións a que se refire o parágrafo anterior, que se publicará no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello.

Na mesma resolución, o alcalde ou concelleiro en quen delegue determinará o lugar, hora e data de comezo da proba práctica da fase de oposición, así como a composición do Órgano de selección, que se publicará igualmente no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello.

4.- A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na Base 11^a.

5.- Contra a Resolución de Alcaldía aprobando a lista definitiva poderán interponerse, alternativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano, no prazo dun mes dende o día seguinte ao da publicación do anuncio, que se entende como notificación, ou recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso administrativo da Coruña no prazo de dous meses, segundo os artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro (LPACAP) e o artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto, sen prexuízo de que os interesados poidan interponer calquera outro recurso que estimen oportuno.

SÉTIMA.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

1.- Os membros do tribunal cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por un número impar de membros, funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo, non inferior a cinco, debendo designarse o mesmo número de suplentes.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningúen.

Non poderán formar parte do tribunal os funcionarios ou laborais fixos que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria.

2.-O Tribunal Cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

Vogais: tres funcionarios de carreira ou persoal laboral fixo

Secretario/a: un funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, que actuará con voz e voto.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do tribunal deberán abstirse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorra alguma das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

3.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso será precisa a asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros asistentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a Presidente/a.

4.-O Tribunal poderá dispor a incorporación de asesores especialistas para as probas que estime pertinentes, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

5.- O Tribunal poderá adoptar as medidas precisas naqueles casos nos que resulte necesario para que os e as aspirantes con discapacidade gocen de similares condicións ás do resto dos demás aspirantes.

6.- O Tribunal cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

7.- Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

8.- A Alcaldía resolverá de acordo coa proposta do Tribunal, que terá carácter vinculante.

OITAVA.-COMEZO E DESENVOLVEMENTO DA AVALIACIÓN DE MÉRITOS

1.- Os aspirantes serán citados para o día sinalado para o comezo das probas.

2.- Con carácter xeral, para aquelas probas que non poidan celebrarse conjuntamente, os aspirantes serán chamados de acordo coa Resolución do 31 de xaneiro de 2024 da Consellería de Facenda e Administración Pública (publicado no DOG núm. 29, do 8 de febreiro de 2024) pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no que a orde de actuación dos aspirantes empezará por aqueles cuxo primeiro apellido comece pola letra <<H>>.

De non contar aspirantes cuxo primeiro apellido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

3.- O Tribunal, salvo razóns que xustifiquen o contrario, adoptará as medidas oportunas para que os exercicios sexan corridos sen coñecer a identidade do aspirante.

NOVENA.-PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección será o de concurso-oposición.

A fase de concurso non será eliminatoria e levarase a cabo despois da fase de oposición.

Só se valorarán os méritos que queden correctamente acreditados polas persoas aspirantes.

A) FASE DE OPOSICIÓN: de carácter obligatorio e non eliminatorio, previa a fase de concurso. Puntuación máxima: 12 puntos.

Os aspirantes serán convocados/as para as probas prácticas en chamada única e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación ao exercicio no momento de seren chamados comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar nas probas prácticas, quedará excluído do proceso selectivo.

Os aspirantes que non se presenten á realización das probas da fase de oposición, quedarán eliminados do proceso selectivo, e polo tanto, non serán valorados na fase de concurso.

Probas prácticas: Consistirá na realización de dúas probas prácticas:

- 1.- Realización unha proba práctica de manexo, destreza e desenvolvemento cunha desbrozadora manual, valorándose a rapidez, habilidade, coñecementos no manexo da mesma e o resultado acadado.

A duración máxima desta proba será de 5 minutos para cada aspirante.

A puntuación máxima desta proba será de 6 puntos.

- 2.- Realización dunha proba práctica para avaliar as aptitudes de cada un dos aspirantes, sobre o coñecemento de máquinas e ferramentas relacionadas coas funcións de limpeza, de roza ou de xardinería e coas tarefas de reciclaxe.

A duración máxima desta proba será de 5 minutos para cada aspirante.

A puntuación máxima desta proba será de 6 puntos.

Celga 1: Aqueles aspirantes que non presenten a titulación Celga 1 solicitada nestas bases, realizarán unha proba oral de galego, establecida polo tribunal, de carácter obligatorio e eliminatorio, que se calificará como apto ou non apto. A calificación na proba como non apto supón a exclusión por parte do/a candidato/a do procedemento de selección.

Este exercicio realizarase unha vez rematada a fase de oposición, de forma que os/as aspirantes que se atopen nas circunstancias do apartado anterior serán chamados para a realización deste proba.

B) FASE DE CONCURSO

A fase de concurso non ten carácter eliminatorio. As puntuación outorgaranse unha vez realizada a fase de oposición, realizándose exclusivamente respecto das persoas aspirantes que superasen a mesma.

A puntuación máxima nesta fase será de 8 puntos.

Avaliaranse os seguintes méritos:

1. Experiencia profesional en traballos realizados relacionados co posto de traballo ao que se opta (puntuación máxima: 5,00 puntos):

0,10 puntos por mes por servizos prestados na empresa privada.

0,20 puntos por mes por servizos prestados na administración pública.

Estes méritos acreditaranse mediante copia dos correspondentes contratos de traballo, xunto co certificado de empresa ou informe de vida laboral; ou certificación expedida polo organismo competente que reflicte as tarefas desempeñadas ou calquera outra documentación fidedigna que permita comprobar o posto, a actividade da empresa e a duración do contrato de traballo.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente fóra deste prazo será considerada achega de nova documentación fóra de prazo e non se terá en conta.

Non se valorarán os servizos prestados para a Administración Pública en virtude dun contrato administrativo suxeito á Lei de contratos do Sector Público.

2. Formación (puntuación máxima: 3,00 puntos):

2.1 Cursos relacionados directamente coas funcións do posto, organizados ou financiados polas Administración Públicas (non se inclúe neste apartado a formación en prevención de riscos laborais por estar incluída no apartado 2.3).

- Cursos de ata 20 horas: 0,05 puntos por curso
- Cursos de 21 horas ata 99 horas: 0,10 puntos por curso
- Cursos a partir de 100 horas: 0,20 puntos por curso

A puntuación máxima será de 1 punto.

2.2 Por ter acabado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas e relacionados coas funcións do posto: puntuarse a razón de 1 punto por programa relacionada con escolas taller, obradoiros de emprego ou programas de formación ocupacional.

2.3 Formación en prevención de riscos laborais: outorgarase 1 punto por acreditar a realización dun curso en materia de prevención de riscos laborais xenérico ou específico para as funcións do posto cunha duración igual ou superior a 50 horas.

DÉCIMA.-RELACIÓN DE APROBADOS E PROPOSTA DE DESIGNACIÓN

1.-Rematada a cualificación dos aspirantes, o Tribunal formará a relación de aprobados pola orde de puntuación final obtida, non podendo rebasar estes o número de prazas convocadas e faraa pública no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello.

A cualificación para cada ejercicio e aspirante determinarase pola media resultante das cualificacións outorgadas por cada membro do Tribunal.

No caso de empate nas puntuación de dous ou máis candidatos, o Tribunal resolverá a favor daquel/a candidato/a que obtivera maior puntuación na fase de oposición. De persistir o empate, resolverase a favor da persoa candidata que conte con maior puntuación no apartado de experiencia profesional por servizos prestados na administración pública.

2.- O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, na que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superasen o proceso selectivo, non resultasen aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

3.- A acta do Tribunal publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Laxe (www.concellodelaxe.com), na que aparecerá o listado coas puntuacións, por orde decrecente, acadadas por cada un/unha dos/das aspirantes no procedemento de selección e a proposta de contratación será elevada ao sr. Alcalde aos efectos de proceder aos nomeamentos e á correspondente formalización dos contratos de traballo. Os/As interesados/as disporán dun prazo de 1 día hábil contados dende o día seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións, que estimen oportunas, no Rexistro Xeral do Concello de Laxe.

Rematado o prazo indicado no parágrafo anterior, resolveranse as alegacións existentes e ditarase resolución definitiva da Alcaldía na que se aproba esta lista de contratación

4.- A resolución nomeando aos candidatos/as seleccionados/as será obxecto de publicación mediante anuncio inserido no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

UNDÉCIMA.-LISTA DE RESERVA.

Ao rematar o proceso selectivo formarase unha bolsa de traballo cos candidatos que resulten aprobados e non propostos para a cobertura do posto en orde descendente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista), para cubrir os postos de traballo de PEÓN, obxecto da convocatoria, no caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ausencias, baixa laboral, permisos, vacacións, licenzas ou outros supostos nos que o aspirante aprobado non chegue a formalizar o contrato de traballo ou de formalizalo estivera en calquera das situacións antes descritas, o órgano convocante poderá realizar a substitución pertinente para o dito servizo.

Os chamamentos para substitucións realizarase por vía telefónica ou correo electrónico, en virtude da información facilitada. A/O candidata/o terá 48 horas para dar resposta, e a súa incorporación realizarase no prazo de cinco días hábiles seguintes, contados dende o seguinte ao chamamento. Aos efectos de posibles chamamentos, as/os candidatas/os facilitarán un número de teléfono e enderezo correo electrónico.

As/Os candidatos que non acepten cubrir os postos, ou non respondan ao chamamento, agás nos casos debidamente xustificados, quedarán excluídos da lista de reserva.

A vixencia máxima desta lista de reserva será ata o 31/12/2024.

DUODÉCIMA.-PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

1.- No prazo de 5 días hábiles seguintes á data de publicación do resultado da selección, os/as aspirantes seleccionados/as deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na Base 4ª desta convocatoria, presentando os documentos que non foran presentados xunto coa solicitude para participar neste proceso selectivo, é dicir:

- a. Orixinal para a súa compulsa do Documento Nacional de Identidade.
- b. Orixinal para a súa compulsa do número de afiliación á Seguridade Social.
- c. Documentación orixinal acreditativa de atoparse nalgúnha das situacións de exclusión social

- d. Documentación orixinal acreditativa da fase de concurso, de ser o caso.
- e. Documentación orixinal acreditativa da titulación Celga 1, de ser o caso.
- f. No caso de non telo presentado con anterioridade, certificado/informe médico actualizado (polo que non deberá ter unha antigüidade superior a tres meses) no que se faga constar expresamente que non padece enfermidade ou eixa física que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes.
- g. Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de ningunha Administración Pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentencia firme.
- h. Declaración xurada de non estar incuso en ningunha das causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- i. Declaración xurada de non incorrer en ningún dos supostos de incompatibilidade establecidos na lexislación sobre a materia.
- j. Acreditación da súa condición como demandante de emprego perfectamente actualizada.

Os/As aspirantes que fixeron valer a súa condición de persoas con minusvalía, deberán acreditar tal condición e así mesmo a súa compatibilidade co desenvolvemento das tarefas e funcións correspondentes ao posto, mediante certificación expedida polo organismo competente na materia.

2.- Se dentro do prazo indicado, salvo casos de fuerza maior, os aspirantes propostos non presentaran a súa documentación ou non acreditaran reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar neste proceso selectivo.

Neste caso, a proposta considerase feita a favor da seguinte persoa aspirante segundo a orde de puntuación obtida.

DÉCIMOTERCEIRA.-NOMEAMENTO

Unha vez que o/a interesado/a presenta a documentación a que se refire o apartado anterior e sendo a mesma conforme, o órgano competente da corporación procederá ó nomeamento do/a aspirante proposto polo tribunal cualificador.

Serán nulos os nomeamentos que se efectúen a favor de aspirantes que estean incursos en causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

DÉCIMOCUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

1.- Mentre non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o/a aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase.

2.- A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou fraccionando a xornada se fora preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

DÉCIMOQUINTA.- PERÍODO DE PROBA

1.- O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores, agás cando o traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade neste concello baixo calquera modalidade de contratación.

Este período de proba non se considerará interrompido polas situacions de incapacidade temporal, maternidade, e adopción ou acollemento, que poidan afectar ao traballador/a.

2.- Transcorrido este período de proba se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.

DÉCIMOSEXTA.- NORMAS FINAIS

1.- Para todo o non previsto nestas bases ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real decreto lexislativo do Estatuto básico do empregado público, na Lei reguladora das bases de réxime local, na Lei de administración local de Galicia, na Lei de medidas para reforma da función pública, no texto refundido da Lei de función pública de Galicia, no Real decreto 896/1991 sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no Regulamento de selección do persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, no Real decreto 364/1995 polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso de persoal ó servizo da administración do estado, no texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, aprobado por Real decreto lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

2.- Agás a convocatoria que se publicará segundo se establece na base 4^a, os sucesivos actos e comunicacóns que se deriven da realización deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do concello de Laxe.

3.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do Tribunal cualificador, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

4.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer Recurso Contencioso Administrativo ante o Xulgado contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse Recurso de Reposición ante o mesmo Órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo isto sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Laxe, 8 de abril de 2024

O alcalde

Asdo. Francisco Charlín Oróns

ANEXO I.- PROCESO DE SELECCIÓN DE PEÓN. PROGRAMA PEL CONCELLOS 2024 DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

D. titular do
D.N.I. númer. e endereço a efectos de notificación en
..... rúa
..... nº piso C.P Teléfono.: Correo
electrónico:.....

EXPÓN

- Que desexa participar no procedemento de selección de acceso libre para dar cobertura, mediante contrato laboral temporal, de 4 peóns de acordo coas bases da convocatoria.
- Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumple con todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente aportará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa.
- Que autorizo ó Concello de Laxe para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, á cualificación de probas e avaliación no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello e na web do Concello de Laxe ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección. Asemade, autorizo o traslado dos mesmos á Deputación de A Coruña co obxectivo de xustificar a subvención concedida.
- Que declara responsablemente non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións inherentes ao posto de traballo.
- Que declara responsablemente non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo ó Estado, á Comunidades Autónomas ou ás entidades locais, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.
- Que declara responsablemente non estar incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen as disposicións vixentes.

Apóntase a tal efecto a seguinte documentación (marcar cunha X):

- Fotocopia do D.N.I.
- Informe emitido polo Servizo Público de Emprego que xustifique que a persoa a contratar está inscrita en dito servizo, en situación de desemprego.
- Documentación acreditativa dos requisitos que desexa comunicar (base 4ª.2.) indicar cal:
-
- Documentación acreditativa da fase de concurso.

Polo exposto, **SOLICITA**, sexa admitido/a e participar no procedemento de selección ó que se refire a presente instancia .

En.....a.....dede 2024.

Sr. Alcalde do Concello de Laxe

Consonte ao disposto na Lei regulamento xeral de protección de datos 679/2016 DOUE, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Laxe relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizarlos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada coa súa solicitude. En calquera momento poderá exercitar os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante un escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

O/a asinante solicita ser admitido/a ás probas selectivas ás que se refire a presente instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para a contratación e as especialmente sinaladas na convocatoria, comprometéndose a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

A presentación desta instancia implica a aceptación incondicional das bases aprobadas.

2024/2360